



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/47	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de outubro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 22 de outubro 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 22 de outubro de 2018.

Expediente 5228/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de M.B.M., con DNI nº X, na que indica que lle foi concedido un sinal de pasaxe permanente e solicita un segundo sinal de pasaxe permanente para a Avda. de Galicia, nº X-Cangas, así como pintado horizontal de amarelo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe favorable emitido pola Policía Local en data 24.10.2018, acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 4997/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da Policía Local de data 10.10.2018, referente a sinalización para zona de Os Laguiños no Hío, que di:

"Que a instancia de D^a A.H.F., veciña de Cangas, con enderezo na rúa Os Laguiños, nº X-O Hío, na que solicita que no cruzamento que forma a estrada do Hío a Vilanova co camiño das Barreiras (Vilanova), se sinalice e prohiba o estacionamento nas proximidades deste, concretamente á altura dos colectores do lixo que actualmente están preto do lugar requirido pola veciña, por diversos problemas co tráfico viario.

Unha vez no lugar e á vista da configuración, estreiteza e firme da vía, considera que debería atenderse a solicitude, xa que ao aparcar algún vehículo nese espazo, outros vehículos que pretendan subir ou baixar polo camiño das Barreiras teñen moitas dificultades (feito

Concello de Cangas



comprobado in situ, ao colocar o vehículo patrulla no lugar).

Para tal efecto, e utilizando o vehículo patrulla como exemplo na fotografía que se achega co presente, considera que dito espazo sexa restrinxido coa sinalización que se considere máis axeitada (vertical, horizontal ou ambalás dúas)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito e polo tanto proceder á sinalización solicitada.

Expediente 5014/2018. Solicitud de ocupación de vía pública

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.C.P., con DNI nº X, en representación da empresa "IMPROE DISEÑO Y PUBLICIDAD SL", con CIF nº X, e con enderezo en rúa Virgen de la Alegría, nº X-28027-Madrid, na que solicita a ocupación da vía pública cun autobús-publicidade o día 30 de outubro de 2018 en horario de 17:00 a 22:00 horas nun lugar entre a alameda e o concello.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe do departamento de xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas) de data 25.10.2018, acorda acceder ao solicitado, previo pago da taxa correspondente e tendo en conta que será a Policía Local a que detemine o lugar de colocación do vehículo en cuestión.

Expediente 3158/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3158/2018.- Vista a solicitude presentada por "NEDGIA GALICIA SA", con domicilio a efectos de notificación en Travesía de Vigo, nº X PB, titular do CIF nº X, para no lugar de Barrio das Flores, nº X-Cangas, pola presente autorízase a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 1,50 m. (GDE X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xuño de 2018, o presuposto de execución material ascende a douscentos noventa e un euros (291,00 €), e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €), para



Concello de Cangas

responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "NEDGIA GALICIA SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1394/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1394/2017.- Outorgar a M.C.G.B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Baixada á praia de Vilariño, nº X-O Hío, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, conservar e reparar un hórreo sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 14 de marzo de 2017 e vista a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 17 de outubro de 2018. O presuposto de execución material das obras ascende a dous mil douscentos corenta e cinco euros (2.245,00 €).

Expediente 1944/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1944/2018.- Vista a solicitude presentada por "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X PB, autorízase a ocupación de dominio público e infórmase favorablemente a concesión de licenza de obras para en rúa José Graña, nº X-Aldán (Expte. Nº SDG X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 9,00 metros de lonxitude e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada en data abril de 2018, e vista a Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 02.10.2018, na que sinalan que as obras solicitadas están fóra da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e a autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 19.09.2018, condicionada a que con anterioridade ao inicio das obras, deberá presentarse ante esa Consellería un proxecto de control e seguimento arqueolóxico, asinado por técnico/técnica arqueólogo/arqueóloga, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, de 10 de xullo. Unha vez autorizada a actuación arqueolóxica, poderán dar comezo ás obras e a que a pavimentación da zona de obra se realizará cos mesmos materiais e despezamento que presente o resto da vía afectada pola obra. Se fora preciso instalar arquetas, en pavimentos de formigón recoméndase que as tapas das arquetas sexan de fundición ou do

Concello de Cangas



mesmo formigón con marcos de aceiro ou fundición. Evitarase a utilización de tapas de arqueta de PVC.

O presuposto de execución material ascende a mil cento quince euros con cincuenta e sete céntimos (1.115,57 €).

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4058/2018. Corrección de erros en licenza urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 19.10.2018 da xefa de urbanismo, para corrección de erros do expediente de obras nº X, que é como segue:

"De conformidade co previsto no art.172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, formulo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCION á Xunta de Goberno Local para corrección de erros na redación do acordo da licenza outorgada en sesión de 24.09.2018, no seguinte expediente de obras:

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 24.09.2018, relativo ao expediente nº X, no que se concede licenza para construción de vivenda unifamiliar e piscina en Camiño dos Tombos-Santa Marta, na redación do mesmo faise mención a: 'Outorgar a M.S.R.P. e F.H., con enderezo a efectos de notificacións en Udamstr-



Stuttgart (Alemania), titulares do DNI nº X e nº X”, debe dicir: “Outorgar a M.S.R.P. E F.H., con enderezo a efectos de notificacións en Udamstr-Stuttgart (Alemania), titulares do DNI nº X e nº X’.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 4058/2018.- Outorgar a M.S.R.P. E F.H., con enderezo a efectos de notificacións en Udamstr-Stuttgart (Alemania), titulares do DNI nº X e nº X, respectivamente, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar e piscina en Camiño dos Tombos-Santa Marta (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico modificado básico e de execución elaborado polo arquitecto R.S.S. visado o 26 de xullo de 2018, modificando así a licenza de obras autorizada a N.G.G. en Xunta de Goberno Local de 2 de outubro de 2017. A licenza outórgase condicionada a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a cento cincuenta e nove mil trescentos corenta e cinco euros con setenta e oito céntimos (159.345,78 €)”.

Expediente 7344/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7344/2017.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a S.P.C. e A.F.B., con enderezo en rúa Urgal, nº X-Belesar-Baiona, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Retirosa-Coiro (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº X, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 24 de outubro de 2018 e pola xefa do servizo de urbanismo da mesma data.

Expediente 1011/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1011/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "AIRIÑOS DO MAR SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Eugenio Sequeiros, nº X-Cangas, para reformas interiores de planta baixa e soto de edificación sita en rúa Eugenio Sequeiros, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto J.V.C. de data febreiro de 2018 e documentación complementaria de data 15 de xuño de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a trescentos setenta e catro mil trescentos once euros con corenta e nove céntimos (374.311,49 €).



Expediente 4451/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4451/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por P.L.V., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Subida a Couso, nº X-Vilanova-Alada-O Hío, para construción de unha caseta de 5,33 m²., de superficie sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a seiscentos trinta e catro euros con vinte e sete céntimos (634,27 €).

Expediente 3881/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3881/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.J.L.C., para a legalización de un cerramento do porche de 33,05 m²., acondicionamento interior da parcela nunha superficie de 45,25 m²., e un murete de bloque de 1,00 metro de altura, no lugar de Baixada a Menduñña, nº X-Aldán, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico C.B.P. de data abril de 2015 e condicións impostas por Aguas de Galicia de 22 de outubro de 2018, vista a Sentenza nº X, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil novecentos dous euros con corenta e dous céntimos (4.902,42 €).

Expediente 4315/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4315/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.A.S.L., para cerramento frontal da parcela sita no lugar de Torreiro-Vilanova-O Hío (referencia catastral X), nunha superficie de 11,90 ml., de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil trescentos corenta e un euros con trinta e sete céntimos (1.341,37 €).

Expediente 4688/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4688/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "MANUXI CANGAS SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Estrela, nº X-Cangas, para reforzo estrutural de cuberta en vivenda sita en rúa Estrela, nº X-Cangas (referencia catastral X), de acordo coa documentación técnica redactado polo arquitecto F.B.P. de data setembro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a seis mil cento



Concello de Cangas

cincuenta e sete euros con cincuenta e nove céntimos (6.157,59 €).

Expediente 2668/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2668/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.P.V.D., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Padre Seixas, nº X-Vigo, para a construción de un cerramento de 94,95 ml., sito no lugar de rúa Baixada a Viñó-O Hío, polígono X parcela X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 28 de maio de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cincocentos euros (2.500,00 €).

Expediente 3334/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3334/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.P.Q., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Longán, nº X-portal X-Cangas, para cerramento de 24,80 m., en parcela sita no lugar de Miranda-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Acéptase a cesión de 66,96 m2., para ampliación do vieiro municipal formalizada perante a notaria A.T.C.P. en data 17 de outubro de 2018.

Expediente 4594/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4594/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.S.M. E S.S.M., titulares do DNI nº X e DNI nº X, respectivamente, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº X-Cangas, para reparación de beirarrúa de formigón sita na Avda. de Ourense, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 17 de setembro de 2018 e 25 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil catrocentos cincuenta e oito euros con sesenta e seis céntimos (1.458,66 €).

Acéptaselle a renuncia ao valor expropiatorio das obras a realizar formalizada en acta de comparecencia en data 9 de outubro de 2018.

Expediente 3582/2018. Comunicación previa de licenza de actividade

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3582/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "AIRIÑOS DO MAR SL", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Eugenio Sequeiros, nº X-Cangas, titular do CIF nº X, para ampliación de actividade para cambio de hotel de 2 a 3 estrelas na edificación sita na Avda. Eugenio Sequeiros, nº X (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta do PEPRI de data 17.10.2018.

Expediente 5196/2018. Dación de conta Sentenza nº 322/2018

Favorable

Tipo

de

votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada do Expte. nº X-05/16__5196/2018, recurso de apelación nº 108/2018, referente á Sentenza nº 322/2018, que é como segue:

"Expediente núm.: X-05/16__5196/2018

Audiencia Provincial Sección nº 3 - Pontevedra

Recurso de Apelación nº X

Asunto: Sentenza nº X

Vista a sentenza nº X ditada o día 17.10.2018 pola Sección nº 3 da Audiencia Provincial de Pontevedra no Recurso de Apelación nº X, sendo o procedemento de orixe o Procedemento Ordinario nº X tramitado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra, a instancia de J.B.D. e a Comunidade de Montes de Aldán.

Visto o fallo da sentenza que literalmente di:

“Desestimamos o Recurso de Apelación formulado pola representación de J.B.D., por si mesmo e en beneficio dos veciños que conformarían a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Aldán, contra a Sentenza de data 9 de xuño de 2017, dada por Auto de 13 de xuño de 2017, dada no P. Ordinario Nº X, seguido perante o Xulgado de 1ª Instancia Nº 3 de Pontevedra (ROLLO Nº X), confirmando a decisión desestimatoria alcanzada nesta en canto ao fondo, por falla de lexitimación activa “ad caussam”, sen imposición das custas da alzada, nos termos do fundamento xurídico 11º e último desta resolución, acordándose a perda e destino do depósito constituído para recorrer conforme á Disp. Adic. 15ª LOPJ.

Notifíquese a presente resolución ás partes facéndolles saber que esta sentenza non é firme e contra ela poderán as partes lexitimadas optar por interpor o recurso extraordinario por infracción procesal ou o recurso de casación perante a Sala Primeira do Tribunal Supremo, no prazo de 20 días, contados desde o día seguinte a súa notificación, conforme o dispoñen los artigos 466 e ss e a Disposición final 16ª LEC/00”.

Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº X, ditada o día 17.10.2018 pola Sección nº 3 da Audiencia Provincial de Pontevedra no Recurso de Apelación nº X, sendo o procedemento de orixe o Procedemento Ordinario nº X, tramitado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra, a instancia de J.B.D. e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Aldán.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento de Apoio Xurídico".

Expediente 5983/2017. Proposta da Alcaldía sobre o Decreto nº 97/2018 recaído na peza de taxación de custas nº 218/2017 01 dimante do PA nº 218/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 23.10.2018, relativa ao Decreto 97/2018, recaído na peza de taxación de custas nº 218/2017 01, ditame do PA nº 218/2017, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, que é como segue:

"Visto o contido do Decreto 97/2018, recaído na peza de taxación de custas nº 218/2017 1 dimanada do PA nº 218/2017 (resolto por Sentenza nº 95/2018, de 19 de xullo de 2018, que dispuxo no seu fallo a imposición das custas a esta administración), decreto cuxa parte dispositiva se reproduce a continuación:

'ACORDO: aprobar a taxación de custas practicada neste procedemento con data 26.07.2018, por importe de cento dezanove euros con cincuenta e oito céntimos (119,58 €), a cuxo pagamento foi condenado o CONCELLO DE CANGAS.

- No caso de ser aboada a través de este órgano xudicial, deberá ser ingresada na conta de consignacións aberta no Banco Santander co número X, facendo constar no campo 'observacións' o concepto X'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto nº 97/2018, recaído na peza de taxación de custas nº 218/2017 1 dimanada do PA nº 218/2017 do Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de cento dezanove euros con cincuenta e oito céntimos (119,58 €) con cargo ao vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico."

Expediente 5251/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a D.C.N., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de novembro de 2018.

Expediente 5167/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.F.R., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: corenta e catro euros con sesenta céntimos (44,60 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de novembro de 2018.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 4953/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a B.D.G.A., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11 €/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> oitenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (87,75 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 45 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 1 de novembro de 2018.</p>	

Expediente 4582/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a J.B.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> trescentos trinta e nove euros con oito céntimos (339,08 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cincuenta e seis euros (56,00 €/mes).</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 28 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de novembro de 2018.

Expediente 5270/2018. Modificación da concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* **MODIFICAR** a proposta de concesión do Servizo de axuda no fogar a M.J.S.S., con DNI nº X, con expediente nº X e de acordo cos seguintes detalles:

- Quenda: Prestación do servizo a través do *Sistema para a autonomía e atención á dependencia (actualmente é beneficiaria do servizo a través da quenda de libre concorrencia (12 horas/mes).*

- Intensidade: de 1 a 20 horas mensuais, segundo o seu programa de atención individualizada.

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora)).

Data de efectos da modificación do SAF: a partir do 1 de novembro de 2018.

Expediente 1229/2018. Proposta de baixa da prestación do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de resolución da traballadora Social de data 25.10.2018, referente a baixa no Servizo de axuda no fogar, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* **DAR DE BAIXA** a P.M.F.M., con NIE nº X e expediente nº X, no Servizo de axuda no fogar; **MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA**, por cumprimento dos obxectivos e finalización do proxecto de intervención.

Data de efectos da baixa: 29 de outubro de 2018."

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

Expediente 4271/2018. Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e “Orange España Comunicaciones Fijas SAU”, para o despregue de fibra óptica

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Examinada a proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "ORANGE España Comunicaciones Fijas SAU", para o despregamento de fibra óptica, que é como segue:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E 'ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SAU', PARA O DESPREGAMENTO DE FIBRA ÓPTICA

En relación coa solicitude de 'ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SAU', para despregamento de fibra óptica proponse á Xunta de Goberno Local aprobar e facultar ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Cangas, para a sinatura do seguinte convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e 'Orange España Comunicaciones Fijas SAU'.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E 'ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SAU', PARA O DESPREGAMENTO DE FIBRA ÓPTICA

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Xosé Manuel Pazos Varela, na súa calidade de alcalde do Concello de Cangas (en adiante o Concello).

Doutra parte: D. F.A.V.G., identificado con DNI Nº X, en nome e representación de 'ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SAU', (en adiante, Orange), CIF X, con domicilio en Pozuelo de Alarcón (Madrid), Parque Empresarial 'La Finca', Paseo del Club Deportivo, nº X, edificio X, constituída por tempo indefinido mediante escritura pública autorizada polo notario de Madrid Don J.R.O.V., con el número X de orde de protocolo, debidamente inscrita no Rexistro de Madrid; actúa neste acto en virtude da escritura de poderes outorgada polo notario de Pozuelo de Alarcón, Don J.R.O.V. de data 23 de febreiro de 2018 con Nº X do seu protocolo,

Ambas partes se recoñecen capacidade para este acto e,

MANIFESTAN

1º.- Que 'ORANGE ESPAÑA', está interesada en despregar a súa rede pública de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



comunicacións electrónicas de nova xeración, mediante fibra óptica, no municipio de Cangas e para tal efecto presentou perante o Concello o plan de despregamento ao que se refire o art. 34.6 da Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

2º.- Que o Concello é consciente da necesidade de ordenar dicho despregamento no casco urbano, permitindo que os residentes teñan acceso ás prestacións que proporciona a nova rede de fibra óptica, ao tempo que se garantiza o respecto e conservación dos edificios e contornos que o integran.

3º.- Que co fin de establecer unha eficaz colaboración que faciliten o logro dos obxectivos sinalados se redacta el presente documento, conforme ás seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- É obxecto do presente convenio regular o despregamento por 'ORANGE ESPAÑA', da súa rede pública de comunicacións electrónicas de nova xeración, mediante fibra óptica, no casco urbano do Concello de Cangas.

Para tal efecto, o Concello se compromete a tramitar o plan de despregamento presentado por 'Orange España', nun prazo non superior a 15 días, a contar desde a data de sinatura do presente convenio e a facilitar desde ese momento, no marco da lexislación aplicable e do previsto neste, a execución por 'Orange España', das instalacións necesarias.

SEGUNDA.- O despregamento por 'ORANGE ESPAÑA', dos cables de fibra no casco urbano realizarase, preferentemente, utilizando as canalizacións subterráneas xa existentes por acordos realizados por terceiros.

O Concello comprométese á cesión, en favor de 'ORANGE ESPAÑA', das canalizacións de titularidade municipal existentes no casco urbano e das futuras que se constrúan, naqueles tramos nos que ésta non dispoña de canalizacións propias. O dito uso tributará segundo os termos establecidos nas respectivas ordenanzas fiscais do Concello de Cangas, ao abeiro do establecido nos arts. 20 e seguintes do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou el texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A cesión levarase a cabo sempre que sexa viable tecnicamente e manterase mentres 'ORANGE ESPAÑA' continúe prestando servizo a través das infraestruturas cedidas.

Á sinatura do presente convenio o Concello entregará a 'ORANGE ESPAÑA', os planos do trazado e resto de información técnica referida ás canalizacións da súa titularidade no casco urbano.

TERCEIRA.- Só onde non exista canalización dispoñible ou a que exista non poida utilizarse por razóns técnicas ou económicas, o despregamento realizarase polas fachadas dos edificios, seguindo o mesmo trazado da rede de cableado de cobre xa existente.

CUARTA.- Os cruces de rúas realizaranse preferentemente de maneira subterránea,



utilizando as canalizacións existentes sempre que sexa tecnicamente viable.

En ausencia de canalizacións existentes para cruzar unha rúa, o Concello autorizará o cruce aéreo de maneira provisional, sempre que se utilice un cruce xa existente da rede de cobre, nas condicións do presente convenio.

QUINTA.- Cando polo Concello se levaran a cabo procesos, de urbanización ou reurbanización, nos que se aproveite para executar canalizacións para o soterramento da infraestrutura aérea e/ou en fachada existente na zona, 'ORANGE ESPAÑA', procederá á desmontaxe dos cables de fibra e a súa posterior instalación na nova infraestrutura subterránea construída. Para a canalización plena das instalacións aéreas existentes buscarase a viabilidade técnica que facilite o acceso canalizado da rede de telecomunicacións hacia o interior dos edificios, na medida do posible. Procederase ao soterramento parcial, nun prazo máximo de 6 meses desde a finalización das obras de canalización que no dito tramo realice o Concello, sempre que a maior parte dos edificios contidos nese tramo dispoñan de infraestrutura (rede de telecomunicacións interior) para pasar a seren serviciados desde o interior con instalación soterrada e deixar de facelo desde a fachada. O Concello deberá informar a 'Orange España' acerca da finalización das obras de canalización antes mencionada.

SEXTA.- 'ORANGE ESPAÑA', aboará as taxas deducibles por ocupación de dominio público das infraestruturas utilizadas propiedade do Concello de Cangas.

SÉTIMA.- Unha vez que se materialice o compromiso de retirada do tendido aéreo entre o Concello e o propietario do tendido aéreo prexistente sobre o que inicialmente se despregue a red de 'ORANGE ESPAÑA'; como consecuencia da existencia ou construción de novo canalizado municipal, 'ORANGE ESPAÑA' garante que non obstaculizará a dita retirada, pasando a facer uso no seu caso, do canalizado municipal para substituír o seu tendido aéreo.

OITAVA.- As canalizacións soterradas, propiedade do Concello non poderán seren cedidas en exclusividade a unha compañía. Deben ser de uso compartido, dentro do mesmo ámbito.

E para que conste onde proceda asíñase o presente documento, en exemplar duplicado e no lugar e fecha sinalados no encabezamento.

Polo CONCELLO DE CANGAS Por 'ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SAU'.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "ORANGE España Comunicaciones Fijas SAU", para o despregamento de fibra óptica.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o



Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 5128/2018. Proposta da concellería de medio ambiente e turismo para solicitude de subvención “NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da concellería de medio ambiente e turismo de data 25.10.2018, relativa á solicitude de subvención “NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA”, que é como segue;

"EXPTE. Nº X

ASUNTO: solicitude de subvención 'NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA', publicada pola Deputación.

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO, TANIA CASTRO PAREDES, S/SOLICITUDE DE SUBVENCÍON DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA BOPPO 147.

Con base na convocatoria publicada no BOPPO 147/2018, titulada 'NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA', a Deputación de Pontevedra lanza dúas liñas de axudas que contemplan o seguinte:

-Liña 1: a redación dun proxecto técnico. Esta subvención xa foi solicitada e concedida no 2017 aínda que actualmente segue sen estar redactado por parte da DEPO.

-Liña 2: a adquisición de material, subministracións e obras asociadas para a mellora do servizo de compostaxe, tanto individual (COIN) como urbana (CCC).

Tras reunirse e coordinarse cos responsables das concellerías implicadas, a concelleira de medio ambiente e turismo do Concello de Cangas ten a ben propoñer á Xunta de Goberno Local o acordo adoptado na última reunión que se trata do seguinte:

• Solicitar a subvención (Liña 2) para a adquisición e materialización de:

- Maquinaria: 1 minitrituradora para aproveitar a poda e darlle o tamaño necesario ao estruturante e 1 vehículo 4x4 cos accesorios necesarios para o transporte, carga e descarga de estruturante.*
- COINs: 200 composteiros individuais e 200 aireadores de compost.*
- CCCs: 3 áreas completas de compostaxe urbana con 6 UMCs, 1 panel informativo, 1 caixón de estruturante e 1 caixón de ferramentas.*

O importe destas solicitudes suma un total de sesenta e cinco mil setecentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (65.785,63 €), dos que:

Concepto	Unid.	Prezo Un.	Importe	IVE	Importe total por concepto
----------	-------	-----------	---------	-----	----------------------------



Concello de Cangas

Minitrituradora	1				14.000,00
Vehículo 4x4	1		13.950,00	2.929,50	16.879,50
Accesorios necesarios	1		3.343,00	702,03	4.045,03
Compostador Thermo King Graf 400 litros	200		8.919,00	-	-
Aireador de compost Graf 1 metro	200		2003,40	-	13.216,10
Área de CCC completa	3				17.635,75 €

TOTAL DO PROXECTO

65.785,63

- *A Deputación de Pontevedra comprométese a asumir o 70%, é dicir, corenta e seis mil corenta e nove euros con noventa e catro céntimos (46.049,94 €).*
- *O Concello de Cangas comprométese a asumir o 30%, é dicir: dezanove mil setecentos trinta e cinco euros con sesenta e nove céntimos (19.735,69 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Requirir á Mancomunidade de Concellos do Morrazo para que solicite a referida subvención á Deputación de Pontevedra.

SEGUNDO.- No caso de que a Mancomunidade non faga a referida solicitude será o Concello de Cangas quen o faga.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850